

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN PODOLOXÍA

Curso académico 2016/17

**O impacto das alteracións morfoestruturais e
biomecánicas do pé na dor lumbar durante a
menopausa.**

María José Lamas Vázquez

Director(es): Prof. Dr. Daniel López López

ÍNDICE

1. RESUMOS.....	4
1.1. Resumo en galego	4
1.2. Resumen en castellano	5
1.3. Abstract	6
2. SIGLAS E ACRÓNIMOS.....	7
3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	8
4. APLICABILIDADE	10
5. HIPÓTESES.....	11
6. OBXECTIVOS.....	11
6.1. Obxectivo principal	11
6.2. Obxectivos específicos	11
7. METODOLOXÍA.....	12
7.1. Tipo de estudo.....	12
7.2. Poboación de estudo.....	12
7.3. Ámbito de estudo.....	12
7.4. Período de estudo	13
7.5. Tamaño muestral.....	13
7.6. Criterios de inclusión	13
7.7. Criterios de exclusión	13
7.8. Variables	14
7.9. Procedemento e recollida de datos.....	14
7.10. Análisis estadístico de datos.....	17
7.11. Limitacións do estudo	18
8. PLAN DE TRABAJO	19
8.1. Medicións e intervencións	19

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

8.2. Cronograma	20
9. ASPECTOS ÉTICOS	21
10. PLAN DE DIFUSIÓN DE RESULTADOS.....	22
11. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN.....	24
11.1. Recursos necesarios	24
11.2. Posibles fontes de financiamento	26
12. BIBLIOGRAFÍA.....	27
13. ANEXOS.....	31
Anexo I: Carta para a solicitude de autorización ao director ou xerente do HULA.....	31
Anexo II: Criterios de selección das participantes.....	32
Anexo III: Caderno de recollida de datos para o estudo	33
Anexo IV: Versión española do FFI.....	37
Anexo V: Versión española do FPI-6.....	38
Anexo VI: Escala de Manchester.....	41
Anexo VII: Solicitude de Avaliación ao CAEIG.....	42
Anexo VIII: Compromiso do investigador principal.....	43
Anexo IX: Documento de información á participante.	45
Anexo X: Consentimento informado.	48

1. RESUMOS

1.1. Resumo en galego

Introducción: A dor lumbar supón un importante problema de saúde a nivel mundial, de feito entre o 70 e o 80 % da poboación sofre desta doenza nalgún momento, sendo máis frecuente nas mulleres entre os 30 e os 60 anos, onde a menopausa e os cambios hormonais poden xogar un papel importante. As causas que se atribúen á lumbalxia son moitas, sen embargo, aínda que a conexión do pé co resto do aparato locomotor parece estar relacionada, as investigacións sobre os efectos da postura do pé e as súas alteracións biomecánicas na dor lumbar nas mulleres menopáusicas son escasas.

Obxectivos: O presente proxecto de investigación ten como obxectivo principal investigar os efectos das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé e o risco que estas poden supoñer para o desenvolvemento da dor lumbar durante a menopausa nas mulleres galegas.

Metodoloxía: Para acadar os obxectivos propostos, deséñase un estudo descritivo observacional transversal cunha mostra de 238 pacientes que deben de cumprir os criterios de inclusión. A investigación levarase a cabo no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

Resultados: Os resultados analizaranse mediante o programa de análise estatística SPSS co que se espera que exista unha relación entre as alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé e a dor lumbar nas mulleres galegas en período menopáusico, de maneira que este grupo de poboación sufra de problemas nos pés e teña unha peor saúde dos mesmos.

Conclusións: Se as mulleres menopáusicas con dor lumbar en Galicia presentan con maior frecuencia alteracións nos pés, sería de gran

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

interese o control e a avaliación podolóxica, así como a implantación de programas de educación sanitaria podolóxica para mellorar a saúde dos pés e a calidade de vida.

1.2. Resumen en castellano:

Introducción: El dolor lumbar supone un importante problema de salud a nivel mundial, de hecho entre el 70% y el 80 % de la población sufre de esta dolencia en algún momento, siendo más frecuente en las mujeres entre los 30 y 60 años, donde la menopausia y los cambios hormonales pueden jugar un papel importante. Las causas que se atribuyen a la lumbalgia son muchas, sin embargo, aunque la conexión del pie con el resto del aparato locomotor parece estar relacionada, las investigaciones sobre los efectos de la postura del pie y sus alteraciones biomecánicas en el dolor lumbar en las mujeres menopáusicas son escasas.

Objetivos: El presente proyecto de investigación tiene como objetivo principal investigar los efectos de las alteraciones morfoestructurales y biomecánicas del pie y el riesgo que estas pueden suponer para el desarrollo del dolor lumbar durante la menopausia en las mujeres gallegas.

Metodología: Para obtener los objetivos propuestos, se diseña un estudio descriptivo observacional transversal con una muestra de 238 pacientes que deben cumplir los criterios de inclusión. La investigación se llevará a cabo en el Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

Resultados: Los resultados se analizarán mediante el programa de análisis estadístico SPSS con el que se espera que exista una relación entre las alteraciones morfoestructurales y biomecánicas del pie y el dolor lumbar en las mujeres gallegas en período menopáusico, de forma que este grupo de población sufra de problemas en los pies y tenga una peor salud de los mismos.

O impacto das alteracións morfoestructurais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

Conclusiones: Si las mujeres menopáusicas con dolor lumbar en Galicia presentan con mayor frecuencia alteraciones en los pies, sería de gran interés el control y la evaluación podológica, así como la implantación de programas de educación sanitaria podológica para mejorar la salud de los pies y la calidad de vida.

1.3. Abstract

Introduction: Low back pain is a major health problem worldwide, in fact between 70% and 80% of the population suffers from this disease in some moment, being more frequent in women between 30 and 60 years, where menopause and hormonal changes can play an important role. The causes that are attached in low back pain are many, however, the connection of the foot with the rest of the locomotor apparatus seems to be related, investigations on the effects of foot posture and its biomechanical alterations in low back pain in menopausal women are few.

Aims: This project has as main objective to investigate the effects of the morphostructural and biomechanical alterations of the foot and the risk that can be assumed for the development of lumbar pain during the menopause in the Galician women.

Methodology: To obtain the proposed objectives, a cross-sectional observational study was designed with a sample of 238 patients who must fulfill the inclusion criteria. The research will carry out in the Hospital Universitario Lucus Augusti of Lugo.

Results: The results will be analyzed by of the statistical analysis SPSS program with which it is expected that there is a relationship between the morphostructural and biomechanical alterations of the foot and low back pain in the Galician women in the menopausal period so that this population group suffers from foot problems and have a worse health of the same.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

Conclusions: If menopausal women with lumbar pain in Galicia present with more frequent alterations in the feet, it would be of great interest the control and the podiatric evaluation, as well as the implantation of podiatric health education programs to improve the health of the feet and the quality of life.

2. SIGLAS E ACRÓNIMOS

ABREVIATURA	SIGNIFICADO
IGE	Instituto Galego de Estatística
INE	Instituto Nacional de Estatística
H ₀	Hipótese nula
H ₁	Hipótese alternativa
HL	Hallux límitus
HR	Hallux ríxidu
HAV	Hallux Abductus Valgus
HULA	Hospital Universitario Lucus Augusti
FFI	Foot Function Index
PESO	kg
ALTURA	m
IMC	Índice de Masa Corporal
FPI-6	Foot Posture Index
FD	Flexión Dorsal
TPA	Articulación tibio-peroneo-astragalina
FP	Flexión Plantar
AMTF	Articulación metatarsal-falánxica
CAEIG	Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

CIOMS	Consello de Organizacións Internacionais de Ciencias Médicas
OMS	Organización Mundial da Saúde
IME	Índice Médico Español
IBECS	Índice Bibliográfico en Ciencias da Saúde
AEEM	Asociación Española de Estudo da Menopausa
MINECO	Ministerio de Economía, Industria e Competividade
INAP	Instituto Nacional de Administración Pública

Táboa I: Siglas e acrónimos.

3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

A dor lumbar é un dos trastornos clínicos máis comúns na poboación en xeral. Habitualmente defínese como aquela dor, tensión muscular ou rixidez localizada entre os marxes costais e os pregos glúteos, con ou sen dor irradiado na perna que supón unha importante perda de calidade de vida debido a dor e a limitación funcional que produce ^{1,2}.

A prevalencia da dor lumbar é alta, de feito un 70%-80% da poboación sofre desta doenza nalgún momento ³. O primeiro episodio de lumbalxia aparece entre os 20 e 40 anos de idade, sendo a incidencia máis alta entre os 30 e 60 anos ^{1,4} e, aínda que pode afectar a ambos xéneros, descríbense máis casos nas mulleres que nos homes ³⁻⁵.

Un dato importante sobre o predominio da dor lumbar, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), é que en Galicia unhas 407.195 mulleres sofren de dor lumbar crónica mentres que esta cifra nos homes diminúe case a metade sendo esta de 253.064 homes ⁶.

No referente a súa etioloxía non existe un consenso claro sobre a causa exacta para a dor lumbar polo cal se considera como un trastorno

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

multifactorial no que interfiren varios factores de risco que poden ser; non ocupacionais como a idade, o sexo e a presenza de distintas patoloxías, ocupacionais como o levantamento de obxectos pesados ou malos hábitos posturais e, psicolóxicos como a depresión ⁷⁻¹⁰. Ademais, tamén se cree que unha biomecánica anormal relacionada cos pés pode influír negativamente sobre a columna lumbar e desencadear a lumbalxia ^{1,11,12}, dado que estes son unha parte fundamental para unha biomecánica normal do corpo humano sendo a base de sustentación do noso organismo e os primeiros en contactar co chan ¹³.

Como xa se mencionou anteriormente, as mulleres son máis susceptibles de sufrir de lumbalxias. Isto pode deberse a múltiples factores como a obesidade, a idade, o levantamento de cargas pesadas, o embarazo ou a malos hábitos posturais, pero sumado a estes factores, algúns estudos anteriores con mulleres de mediana idade, describiron que a menopausa e os cambios hormonais que esta implica poden estar relacionados coa dor lumbar xa que, as mulleres neste período refiren ter máis dores e de maior intensidade que as mulleres premenopáusicas ¹⁴⁻¹⁶.

Ben é certo, que os estudos realizados ata o momento non puideron demostrar una relación causa-efecto entre a menopausa e a dor lumbar pero si indican que existe unha asociación entre as mesmas ¹⁵.

A menopausa defínese como aquela que se alcanza cando xa pasaron 12 meses desde a última menstruación dado ao cese completo da función ovárica e a ausencia da secreción de estróxenos. A idade de inicio deste período sole establecerse entre os 40 e os 54 anos ¹⁷.

Conforme datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), España ten una poboación de máis de 4 millóns de mulleres neste período representando máis do 12% no noso país ¹⁷. Xunto con isto, en Galicia sobre un 10 % das mulleres sofre de problemas menopáusicos, concretamente 132.776 mulleres galegas ⁶.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

En canto á súa relación ca dor lumbar e o pé, algún estudo conclúe que a prevalencia dos síntomas da menopausa relacionados ca dor muscular e articular é alta ^{18,19}, chegando a supoñer estes un 39,1 % de todas as mulleres menopáusicas españolas ²⁰.

Esta relación da menopausa coa aparición de trastornos musculoesqueléticos tamén pode interferir a nivel do membro inferior, máis concretamente a nivel podal, provocando unha peor calidade de vida relacionada coa saúde do pé, polo que o coidado deste durante o período menopáusico tamén é importante para previr o desenvolvemento de lesións a este nivel que poden ter un impacto negativo na rexión lumbar ¹⁸.

4. APLICABILIDADE

Son moitos os factores de risco estudados e citados que favorecen a aparición da dor lumbar, sen embargo aínda que se cree que os desequilibrios e o mal funcionamento do pé poden ocasionar compensacións e, en consecuencia, patoloxías noutros niveis corporais como na rexión lumbar, máis concretamente nas mulleres menopáusicas por ser estas máis susceptibles, na bibliografía revisada, observouse que son necesarias un maior número de investigacións para poder afirmar isto con certeza.

Desta maneira, plantéxase a necesidade de realizar este proxecto de investigación para determinar se as alteracións do pé están relacionadas coas lumbalxias nas mulleres menopáusicas e tratar ao mesmo, non como unha estrutura illada, se non como unha parte da cadea cinética corporal.

Sumado a isto, débese destacar que o tratamento das alteracións e da biomecánica anormal do pé pode formar parte do abanico de tratamentos alternativos para a dor lumbar se outro tipo de terapias non dan resultado, contribuindo a mellora da calidade de vida e a diminuír a demanda clínica que supón a dor lumbar.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

5. HIPÓTESES

A principal hipótese deste proxecto de investigación é que as alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé están relacionadas co desenvolvemento da dor lumbar en mulleres menopáusicas.

Desta maneira establécense, para a elaboración do seguinte proxecto, a hipótese nula (H_0) e a hipótese alternativa (H_1).

- **H₀**: As alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé non están relacionadas co desenvolvemento da dor lumbar en mulleres menopáusicas.
- **H₁**: Plantéxase o contrario; as alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé están relacionadas co desenvolvemento da dor lumbar en mulleres menopáusicas.

6. OBXECTIVOS

6.1. Obxectivo principal

O presente proxecto de investigación ten como obxectivo principal investigar os efectos das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé e o risco que estas poden supoñer para o desenvolvemento da dor lumbar durante a menopausa nas mulleres galegas.

6.2. Obxectivos específicos

- Analizar a funcionalidade dos pés das pacientes en período menopáusicos con lumbalxia.
- Buscar a relación das principais alteracións do pé e a dor lumbar como:
 - Os pés pronados e a dor lumbar.
 - Os pés supinados e a dor lumbar.
 - O Hallux Límítus (HL) ou ríxidu (HR) e a dor lumbar.
 - O Hallux Abductus Valgus (HAV) e a dor lumbar.
 - O nocello equino e a dor lumbar.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

- Determinar a prevalencia destas alteracións podolóxicas nas pacientes con trastorno lumbar e menopausa en Galicia.

7. METODOLOXÍA

7.1. Tipo de estudo

Estudio descriptivo observacional transversal.

7.2. Poboación de estudo

Invitaranse a participar na investigación a tódalas pacientes en período menopáusico diagnosticadas de lumbalxia crónica e inespecífica polos diferentes servizos dos hospitais públicos e privados de Galicia que cumpran os criterios de inclusión fixados para este estudo e que firmen o consentimento firmado.

Para unha maior captación de participantes, expoñeranse, en lugares visibles, follas informativas acerca do estudo e a necesidade de voluntarias para o mesmo en tódolos hospitais tanto públicos coma privados de Galicia como mínimo un mes antes de comezar ca recollida de datos. Para isto, a investigadora desprazarase ata ditos hospitais e solicitará a colaboración do persoal dos centros para acadar unha maior porcentaxe de candidatas posible.

7.3. Ámbito de estudo

O estudo levarase a cabo nas instalacións do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) con petición previa por escrito ao director ou xerente do hospital (Anexo I) para poder desenvolver o mesmo e contar cun espazo onde entrevistar as suxeitas que participen, realizar a exploración podolóxica e recoller a información necesaria.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

7.4. Período de estudo

O período de estudo será aproximadamente de 12 meses, concretamente dende Marzo do 2017 ata Marzo do 2018.

7.5. Tamaño muestral

O estudo levarase a cabo na cidade de Lugo incluíndo participantes menopáusicas con dor lumbar de toda Galicia. A porcentaxe mínima de participantes sobre os que se fai o estudio é de 238 pertencentes a rede do sistema de saúde galego.

O tamaño da mostra calculouse co software da Unidade de Epidemioloxía Clínica e Bioestatística do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña que indica que é necesario para unha confianza do 95 % e unha precisión do 3% un mínimo de 202 participantes e axustando a porcentaxe de perdas ao 15 % obtense unha mostra mínima de 238 participantes.

7.6. Criterios de inclusión (Anexo II)

- Pacientes con lumbalxia crónica e inespecífica.
- Mulleres con menopausa.
- Pacientes que acepten colaborar no estudo e que firmen o consentimento informado.
- Pacientes cun bo estado mental e que entendan e sexan capaces de seguir as instrucións da investigadora.

7.7. Criterios de exclusión (Anexo II)

- Pacientes que non firmen o consentimento informado.
- Pacientes cun estado mental que non lles permite entender nin seguir as instrucións da investigadora.
- Pacientes con enfermidade grave ou con lumbalxia asociada a unha patoloxía xa diagnosticada.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

- Pacientes con intervención cirúrxica previa das costas ou do pé.

7.8. Variables

- **Variables dependentes:** Presenza ou ausencia de dor lumbar.
- **Variables independentes:** Presenza ou ausencia de alteracións morfoestruturais e/ou biomecánicas nos pés.
- **Outras variables que se incluírán no estudo:** Funcionalidade do pé, antecedentes persoais e outros datos recollidos durante a exploración (peso e altura) así como outras variables para o rexistro dos datos das participantes como as sociodemográficas (idade, profesión, actividade física, hábitos e número e tipo de calzado).

7.9. Procedemento e recollida de datos

Unha vez a paciente foi informada do estudo que se lle vai a realizar e acepta participar nel, entrégaselle o consentimento informado que ten que asinar. Cando o consentimento informado está asinado, procederáse á recollida dos datos de interese para o estudo nun caderno clínico de recollida de datos cun número identificador da participante (Anexo III). Tódalas participantes serán avaliadas pola mesma exploradora e da mesma maneira quen, en primeiro lugar, fará unha entrevista inicial coa participante recollendo os seus datos identificativos, sociodemográficos tales como a idade, profesión, actividade física, hábitos, número e tipo de calzado e os antecedentes persoais.

Logo, as participantes procederán a completar o cuestionario **Foot Function Index (FFI)** que contribúe a alcanzar os obxectivos fixados para este estudo e cuxos resultados tamén se incluírán no caderno de recollida de datos. Para a medición deste cuestionario informarase á paciente e leránselle con coidado todas as cuestións que se expoñen. Daquela a paciente cubriros e será a investigadora quen rexistre, interprete os datos e realice os cálculos para a obtención dos resultados finais.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

O cuestionario FFI (Anexo IV) é un instrumento amplamente utilizado e con boa confiabilidade e validez que valora a funcionalidade do pé e que foi desenvolvido en 1991 como unha medida de auto-reporte que avaliaba múltiples dimensións. Conta con 23 ítems divididos en 3 subescalas que cuantifican o impacto da patoloxía no pé; a dor (9 ítems), a discapacidade (9 ítems) e a limitación da actividade (5 ítems) ^{21,22}.

Para cada ítem, hai unha escala analóxica visual dividida en 10 segmentos iguais, que van de 0 a 9. Para completar o cuestionario, os pacientes puntuán cada ítem na escala visual con 0 sendo a puntuación máis baixa da escala e 9 a máis alta. En caso de existir unha resposta en branco, dado a que a cuestión non se axusta ao paciente, este ítem será omitido do cálculo final do cuestionario ²².

Para obter o resultado, súmanse as puntuacións e logo divídense pola puntuación máxima que se podería alcanzar no test e multiplícase por 100. Se é necesario pódese redondear para obter un número enteiro ²². Os valores finais estarán comprendidos entre 0 e 100 sendo o valor 0 indicativo dunha maior calidade de vida e saúde dos pés da paciente e o 100 dunha menor calidade de vida e saúde dos pés ²².

Unha vez realizada a anamnese e co FFI cuberto, a investigadora medirá a altura e o peso e calculará o Índice de Masa Corporal (IMC) mediante a división do peso (kg) entre a altura (m) ao cadrado ²³. Posteriormente, pasará a explorar ás pacientes en busca de **alteracións morfoestruturais e/ou biomecánicas do pé**. Para a exploración podolóxica levarase a cabo un exame clínico tanto en descarga como en carga estática e dinámica.

- Exploración en descarga: Realizarase unha exploración articular xunto cun estudo morfolóxico de ambos os pés observando especialmente se se está ante un pé plano ou cavo, un nocello equino, un HAV, HL ou HR.
- Exploración en carga: Confirmaranse as alteracións observadas na exploración en descarga e anotarase o tipo de pegada da participante.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

Para valorar o pé en carga en estática, a paciente estará de pé descalza en apoio bipodal, co seu ángulo normal de marcha e os xeonllos estendidos. Nesta posición, a investigadora axudarase, en primeiro lugar do **Foot Posture Index (FPI-6)** (Anexo V) para clasificar o pé en pronado ou supinado. O FPI-6 trátase dun método rápido, pouco custoso, válido como instrumento clínico e multisectorial que avalía a aliñación estática dos pés nos tres planos observando o retropé, o mediopé e o antepé ²⁴.

O FPI-6 consta de seis criterios individuais cada un cunha escala de 5 puntos que vai de -2 a +2. Os números negativos indican unha posición máis supinada e os números positivos unha postura máis pronada do pé. A puntuación final varía de -12 a +12 e dependendo do tipo de valor o pé clasifícase como ²⁴ :

- Puntuación de +10 a +12: Pé altamente pronado.
- Puntuación de +6 a +9: Pé pronado.
- Puntuación de 0 a +5: Pé normal ou neutro.
- Puntuación de -4 a -1: Pé supinado.
- Puntuación de -5 a -12: Pé altamente supinado.

En dinámica, indícaráselle á paciente que camiñe de forma natural e a investigadora fixarase no apoio de retropé, mediopé e antepé, no período propulsivo e no ángulo da marcha da participante.

Unha vez realizada a exploración podolóxica, reflectiranse na folla clínica as alteracións morfoestruturais e biomecánicas atopadas que se consideran relevantes para este estudo:

- **Nocello equino:** Limitación da flexión dorsal (FD) da articulación tibio-peroneo-astragalina (TPA). Dependendo do rango de movemento da mesma pode clasificarse en nocello equino funcional se a FD é inferior a 10° pero alcanza o 90° pé-perna e o talón contacta co chan durante a marcha ou en equino estrutural, se non alcanza o 90° pé-perna e a TPA atópase en flexión plantar (FP) e o talón non contacta o chan ¹³.
- **Pé pronado ou supinado:** Segundo a clasificación do FPI-6 ²⁴.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

- **HAV:** Deformidade no plano transversal na que a 1ª articulación metatarsofalánxica (AMTF) se atopa subluxada cunha desviación medial do 1º metatarsiano e lateral do 1º dedo con respecto á liña media do corpo ²⁵. Para a clasificación do HAV recórrase á escala Manchester (Anexo VI) indicando ²⁵:
 - Grao A: non deformidade.
 - Grao B: deformidade leve.
 - Grao C: deformidade moderada.
 - Grao D: deformidade severa.
- **HL:** Limitación da FD da 1ª AMTF no plano saxital. O HL clasifícase en HL funcional se a limitación da FD se dá en carga e en fase de despegue da marcha pero, en descarga, o rango articular da 1ª AMTF é normal. En cambio se a limitación se dá tanto en carga como en descarga trátase dun HL estruturado, este tipo asóciase a cambios dexenerativos da articulación ²⁶.
- **HR:** dexeneración da 1ª AMTF e do complexo sesamoideo que cursa cun rango de FD inferior a 10º. É a evolución do HL onde a articulación está practicamente ríxida ²⁷.

7.10. Análisis estadístico de datos

Todas as análises realizaranse cun software comercialmente dispoñible, o IBM SPSS 19.0 para Windows, e contratarase a un experto estatístico para a análise dos datos e das variables.

Realizarase unha análise descritiva das variables incluídas para este estudo. As variables cualitativas presentarase con valores absolutos e porcentaxes cos seus correspondentes intervalos de confianza ao 95 %, mentres que as variables cuantitativas se describiran como media, mediana, desviación típica e rango intercuartílico.

Para a comparación das variables cualitativas realizarase o test de Chi-cuadrado e, para a comparación entre dúas medias de variables

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

cuantitativas en relación a variables cualitativas usarase a proba de t de Student ou test de Mann Whitney segundo proceda. A comparación entre máis de dúas medias levarase a cabo mediante análises de varianza. Os tipos de probas que se utilizarán para a análise elixiranse tras a comprobación da normalidade das variables ca proba de Kolmogorov Smirnov.

Finalmente, para determinar a relación da presenza de dor lumbar (variable dependente) con outras variables independentes realizarase unha análise de regresión lineal múltiple e loxística.

7.11. Limitacións do estudo

As limitacións e sesgos que se terán en conta para este estudo son:

- **Sesgos de selección:** son aqueles derivados de erros no proceso de selección dos individuos.

As posibles limitacións deste estudo poden ser a non participación das suxeitas invitadas ao mesmo polo que os datos destas que non desexen participar poderían ser diferentes aos das voluntarias e a non autorización do HULA. Xunto con isto, este proxecto tratase dunha investigación a nivel autonómico aplicable só as mulleres galegas, o ideal sería que fose extrapolable a nivel mundial para acadar uns resultados con pouca marxe de erro e que se aproximen máis a realidade.

Ademais, o carácter transversal do estudo aínda que permite o plantexamento de hipóteses etiolóxicas non serve para a investigación causal e non permite coñecer se as alteracións podolóxicas precederon a dor lumbar ou viceversa.

- **Sesgos de información:** derivan dun erro sistemático na medición da información ou na recollida dos datos. Para evitar este tipo de erros, usarase un cuestionario validado e instrumentos calibrados nas medicións das pacientes para que os datos sexan o máis obxectivos posibles.
- **Sesgos de confusión:** derivan do descoñecemento de variables que se deberían de ter en conta para a realización do estudo como por exemplo,

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

o modo e o estilo de vida das participantes que poden variar dependendo da cultura, da situación económica e do medio natural onde habitan (medio rural ou cidade).

8. PLAN DE TRABAJO

8.1. Medicións e intervencións

Tras a autorización deste proxecto polo Comité Autonómico de Ética e Investigación de Galicia (CAEIG), procederáse a realización do estudo o cal se desenvolverá nunha sala habilitada polo HULA. Para isto, a investigadora acudirá a esta área do centro hospitalario de Lugo durante 4 meses en horario de mañá de 9.00 a 14.00 horas e de luns a venres.

Logo, no espazo habilitado para o estudo, as pacientes firmarán, tras comprendelo e lelo coidadosamente, o consentimento informado. Neste mesmo lugar, realizarase a anamnese para recoller os datos clínicos das participantes (idade, hábitos, profesión, actividades físicas e antecedentes persoais) e entregaráselle o cuestionario citado anteriormente para que cubra e sexa despois interpretado pola investigadora. A continuación, levará a cabo a exploración física específica para determinar a presenza ou ausencia de alteracións podolóxicas.

Estimase que este encontro coas participantes teña unha duración aproximada de 30-40 minutos.

Una vez recollidos os datos, procederáse a realizar o análise estatístico dos mesmos e a interpretar os resultados obtidos, elaborando unha discusión e unha conclusión para o estudo.

Por último, co estudo rematado, plantexarase a posibilidade de difusión dos resultados acadados para que se publiquen nas revistas e congresos científicos que se consideren oportunos.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

8.2. Cronograma

A continuación expone na seguinte táboa o cronograma coas activades programadas para a investigación proposta:

FASES DA INVESTIGACIÓN	ANO 2017												ANO 2018		
	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO		
Busca bibliográfica.															
Planeamento e deseño do estudo.															
Solicitud e autorización do CAEIG.															
Recollida de datos.															
Análise e interpretación dos datos.															
Elaboración da discusión e da conclusión.															
Difusión dos resultados.															

Táboa II: Cronograma do plan de traballo

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

9. ASPECTOS ÉTICOS

O desenrolo deste estudo de investigación seguirá, en primeiro lugar, os principios básicos da bioética como son o principio da non-maleficencia, o principio da beneficencia, o principio da autonomía e o da xustiza.

Para isto respectaranse os principios éticos manifestados no Código de Nuremberg en 1947, na Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial en 1964 sobre os distintos principios éticos para a investigación médica en seres humanos, incluída a investigación do material humano e da información identificables e no Informe de Belmont en 1979, así como outras actualizacións destes principios como as Pautas Éticas Internacionais para a investigación biomédica con seres humanos do Consello de Organizacións Internacionais de Ciencias Médicas (CIOMS) e a Organización Mundial da Saúde (OMS) en 1982, o Convenio de Oviedo para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da bioloxía e a medicina en 1997 e as directrices da Guía de Boa Práctica Clínica.

O cumprimento da normativa vixente actual é outro aspecto ético-legal a ter en conta a hora de realizar este proxecto polo que outras leis que se deben considerar son:

- Lei 14/2007, de 3 de xullo, de Investigación biomédica.
- Lei 3/2001, de 28 do Maio, reguladora del consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.
- Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

Por último, realizaranse os trámites legais habituais como é a solicitude de avaliación do estudo ao CAEIG co obxectivo de contar coa súa aprobación para desenvolver o mesmo. A documentación que hai que presentar para avaliación do comité de ética depende do tipo de proxecto. Neste caso a solicitude inclúe a solicitude de avaliación firmada polo investigador (Anexo VII), a de exención de taxas por ser unha investigación non comercial, informes de seguimento e protocolos do estudo, o compromiso do investigador (Anexo VIII), os documentos de información (Anexo IX) e consentimento informado para as participantes (Anexo X).

Por outro lado tamén é necesaria a solicitude de autorización da investigación ao Xerente do HULA onde se levará a cabo a recollida de datos do estudo (Anexo I).

10. PLAN DE DIFUSIÓN DE RESULTADOS

Tras a elaboración deste proxecto e unha vez extraídos os resultados e as conclusións do mesmo, estes propóranse para a súa publicación en diferentes revistas do ámbito nacional e internacional, así como en diferentes xornadas e congresos relacionados co tema da investigación.

- Revistas internacionais:
 - **Journal of the American Podiatric Medical Association** cun factor de impacto de 0.483 e un cuartil 4 da categoría ortopedia no ano 2015.
 - **Prosthetics and Orthotics International** cun factor de impacto de 0.930 e un cuartil 3 da categoría ortopedia e cuartil 4 da categoría rehabilitación no ano 2015.
 - **Journal of Foot and Ankle Research** cun factor de impacto de 1.481 no ano 2015 e un cuartil 2 da categoría ortopedia no ano 2015.
 - **Clinical Orthopaedics and Related Research** cun factor de impacto de 3.127 e un cuartil 1 da categoría ortopedia e cuartil 1 da categoría cirurxía no ano 2015.

O impacto das alteracións morfoestruturais e biomecánicas do pé na dor lumbar durante a menopausa.

- **Journal of Biomechanics** cun factor de impacto de 2.431 e un cuartil 2 da categoría biofísica e cuartil 2 da categoría enxeñería biomédica no ano 2015.
- **Climacteric** cun factor de impacto de 2.492 e un cuartil 2 da categoría obstetricia e xinecoloxía no ano 2015.
- **The Journal of the North American Menopause Society** cun factor de impacto de 3.172 e un cuartil 1 da categoría obstetricia e xinecoloxía no ano 2015.
- **Journal of Back and Musculoskeletal Rehabilitation** cun factor de impacto de 0.956 e un cuartil 3 da categoría ortopedia e cuartil 4 rehabilitación no ano 2015.
- Revistas nacionais.
 - **Revista Española de Podología**, indexada no Índice Médico Español (IME).
 - **Revista Internacional de Ciencias Podológicas** indexada no Índice Bibliográfico en Ciencias da Saúde (IBECS).
 - **El Peu**, indexada no IBECS.
- Congresos e xornadas
 - **Congreso Nacional de Podoloxía**. Organizado anualmente polos Colexios Oficiais de Podólogos e o Colexio Oficial de Podólogos da Comunidade Autónoma organizadora.
 - **Congreso Nacional de Estudantes de Podoloxía**. Organizado anualmente por estudantes de podoloxía.
